



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE OUTUBRO DE 2021

### 1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/509/2020.

#### Licenza de obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- ACEPTAR a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 28/07/2021 outorgada ante o Notario co número de protocolo mil cento e sete. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a proxecto presentado na data 04/05/2020 e a documentación presentada o 18/08/2020 e o 30/08/2021, licenza para AGREGACION E DIVISION DE FINCAS situadas na RUA PENA CORVEIRA (DA), SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA coas nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO.

*\*PARCELA RESULTADO 1. Solo Clasificado como Solo Urbano Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.*

*Superficie Bruta = 545,38 m<sup>2</sup>*

*Superficie Neta = 427,94 m<sup>2</sup>*

*Superficie Cesión ó Concello = 117,44 m<sup>2</sup>*

*Superficie Neta en Ordenanza 5 = 427,94 m<sup>2</sup>*

*\*PARCELA RESULTADO 2*

*Solo Clasificado como Solo Urbano Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.*

*Superficie Bruta = 631,70 m<sup>2</sup>*

*Superficie Neta = 439,87 m<sup>2</sup>*

*Superficie Cesión ó Concello = 191,83 m<sup>2</sup>*

*Superficie Neta en Ordenanza 5 = 439,87 m<sup>2</sup>*

*\*PARCELA RESULTADO 3*

*Solo Clasificado como Solo Urbanizable SUD 3 sen desenvolver. Superficie Bruta e Neta= 1.942,92 m<sup>2</sup>*

*\*Cesión ó Concello = 309,27 m<sup>2</sup>*

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00034823J.

#### Licenza para Parcelamento.

Acórdase:

PRIMEIRO.- ACEPTAR libre de cargas a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 21 de decembro de 2020 un outorgada ante Notario co número de protocolo mil escentos cincoenta e cinco.

SEGUNDO: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a proxecto presentado na data 21/07/2021, o parcelamento da parcela situada na Rúa Mallou, Santiago de Compostela ( A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

*.-PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ*

*Superficie Neta 5.089m2s. Solo Clasificado Clasificado Urbanizable SUD 1 sen desenvolvemento. Finca 69 Plano Concentración parcelaria de san Andrés, RIBA DA EIRA,*

*.-PARCELA RESULTADO SUBPARCELA 1*

*Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Variante 6 A. Superficie Neta 1.150,00m2s*

*.-PARCELA RESULTADO SUBPARCELA 2*

*Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Variante 6 A. Superficie Neta 1.144,00m2s*

*.-PARCELA RESULTADO SUBPARCELA 3*

*Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Variante 6 A. Superficie Neta 1.143,00m2s*

*.-CESIÓN 183,00m2s”*

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00022257M.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 20.05.2021 e a documentación presentada por Rexistro do Concello en data 03.08.2021, cun orzamento de execución material de 208.781,12 €, para construción dunha vivenda unifamiliar na Travesía de Vista Alegre, Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00001942F.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 01/07/2021 para a rehabilitación de edificio para dúas vivendas na Rúa Bonaval, Santiago de Compostela ( A Coruña).

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto básico e de execución de data de visado de data 05/11/2020 e o Reformado de data de visado do 10/02/, a rehabilitación de edificio para dúas vivendas na Rúa Bonaval, Santiago de Compostela ( A Coruña), cun orzamento de execución de 110.000,00 €.

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1828/2015.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase denegar licenza de obras de rehabilitación de edificación para hotel 1 estrela na RÚA DE MAZARELOS, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), ao non estar permitido o uso proposto na ordenanza de aplicación (artigo 150.4 da normativa urbanística do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1).

### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00028739R.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a proxecto de data de visado do 22/06/2021, a legalización modificación de vivenda existente situada na Rúa Santa Marta de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 15.142,50 €.

## **7. PLANEAMENTO. Referencia: PLA/15/2017.**

### **Denegación da aprobación inicial do Estudo de detalle para establecemento de condicións estéticas de fachada nos chalés adosados na zona Z.1 do SUNP-29 (Brandía).**

Acórdase denegar a aprobación inicial do Estudo de detalle para establecemento de condicións estéticas de fachada nos chalés adosados na zona Z.1 do SUNP-29 (Brandía), presentado o 28.09.2018. O acordo notificarase ao interesado e ao presidente da Comunidade de Veciños da Urbanización de Brandía, coa información dos recursos que procedan.

## **8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019942J.**

### **Adxudicar o contrato "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Brandía do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4º LCSP" á empresa ASPAS EMPREGO SL, por un importe de 216.282 euros.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ASPAS EMPREGO, por un importe de **261.701,22 euros** (216.282 euros + IVE aparte 21%: 45.419,22 euros), sendo a súa oferta a única presentada e cumprindo os requirimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete tamén a subministración de 6.300 uds de Begonias sempervirens en maceta de 10-14, 6.300 uds de Bulbo de inverno (narcisos, tulipa, crocus, etc.), 6.300 uds de Impatiens (guineana) en maceta de 10-14, 1.050 uds de Prímulas en maceta de 10-14 e 1.050 uds de Agapantos en maceta de 14-16.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria **020 17100 2279902**, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades, para o que consta a conformidade da empresa contratista, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondente exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 25.443,17 euros.

Anualidade 2022: 87.233,74 euros.

Anualidade 2023: 87.233,74 euros.

Anualidade 2024: 61.790,57 euros.

## **9. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: PROPOSTA A XUNTA GOBERNO INF 5, UNITRONICS.**

### **Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Unitronics Comunicaciones SA, en concepto de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e un mil douscentos trinta e cinco euros con vintedous céntimos (31.235,22 €) segundo facturas 2021/1847; 2021/2439; 2021/4339; 2021/4340 e 202/4341 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello, correspondente ao período comprendido entre os meses de xaneiro a maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

## **10. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00035201T.**

### **Aprobación do convenio coa asociación Médicos del Mundo.**

Apróbase o texto de convenio coa Asociación Médicos do Mundo no que se recolle unha subvención nominativa por valor de dez mil euros -10.000 € con cargo á aplicación 020 23103 4800004 para o ano 2021.

É obxecto deste convenio subvencionar á Asociación Médicos do Mundo para que desenvolva no ano 2021 o Proxecto “Prevención e promoción da saúde do colectivo migrante dende unha perspectiva de DDHH e xénero fronte a Pandemia pola Covid 19”.

**11. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00034342S.**

**Aprobación do convenio coa Asociación Para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego.**

Apróbase o texto do convenio coa Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 020 23103 4800002 para o ano 2021.

O obxectivo deste convenio é o de aumentar a empregabilidade das persoas participantes no proxecto Compostela Convive, a través de accións centradas na adquisición de hábitos, de capacitación profesional, na orientación e no acompañamento cara o emprego, favorecendo a inserción laboral.

**12. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022331X.**

**Aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural O Galo para o ano 2021.**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural O Galo, por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890001, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

A documentación remitida pola entidade propón a realización das seguintes actividades: roteiros, visitas guiadas, presentacións, exposicións e conferencias, todas elas principalmente de temática compostelá. As actividades propostas son do interese da Concellaría de Cultura polo que suponen de fomento e difusión da cultura realizada na nosa cidade.

**13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00032539Y.**

**Proposta relativa á concesión das subvencións a asociacións culturais 2021.**

Acórdase conceder a subvención ás seguintes entidades: Asociación Cultural Barriga Verde de Santiago de Compostela, Compostela Swing Asociación, e Federación Galega de Bandas de Música Populares.

**14. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00034841P.**

**Aprobación do nomeamento do Xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2021.**

Acórdase nomear como membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2021 ás seguintes persoas: José Ignacio Chao Castro, Inma López Silva, María Pilar Jiménez Aleixandre, Olalla Cociña Lozano, e Francisco Xavier Senín Fernández. Designase como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.

**15. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Expediente 2021/00034104F.**

**Proposta relativa á aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais correspondente ao ano 2020.**

Acórdase a aprobación da xustificación achegada pola Fundación Refuxio de Animais do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS ANO 2020”

**16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00044186S.**

**Dación de conta á XGL do auto recaído no procedemento PO 424/2015 XS2.**

Dase conta do auto e acórdase remitilo ao Servizo de Persoal para a execución da sentenza de suplicación.

**17. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00044788L.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 1 ao 7 de outubro de 2021.

**URXENCIAS**

**18. Aprobación da proposta de concesión de axudas para actividades culturais do sector profesional 2021.**

Acórdase conceder a subvención a 32 entidades culturais, por un importe total de **554.992.9 euros**.

**19. Aprobación da reanualización do proxecto SMARTIAGO en aplicación do Convenio de Colaboración entre o actual Ministerio de Ciencia e Innovación e o Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase a reanualización do PROXECTO SMARTiAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ACTUAL MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN (MCIN) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCint) 2014-2020, con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 (2018 2 TIAGO 27)